

# Vive o Nadal Centros Socioculturais

## OBRADOIROS

Participa da variada programación de obradoiros dirixidos a diferentes públicos.

Monicreques, baile tradicional, percusión e canto, almozos e merendas saudables, obradoiros de galletas, esgrima histórica, ioga para a rapazada, breakdance, cociña, centros de mesa...son algunhas da morea de actividades propostas. Consulta no código QR as datas e os centros ou achégate aos centros para máis información.



## NADAL 2022

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



## NA RÚA VIVE O NADAL

### XOGOS NA RÚA - NA PROCURA DAS ESTRELAS DO NADAL

Xogo con probas para público familiar, percorrendo e visitando lugares fermosos da cidade.

- Sábado 3 de decembro ás 12h saída dende o CSC de Cidade Histórica
- Martes 27 decembro ás 18h saída dende o CSC do Ensanche.



### PEDALEA NO NADAL

Se gustas dun paseo coa bicicleta mountainbike participa con nós na ruta preparada. Sairemos do CSC das Fontiñas o 31 de decembro ás 11h e pasaremos por algúns dos miradoiros máis emblemáticos da cidade.

### MERCADO DE INTERCAMBIO DE XOGO E XOGUETES

Espazo para público familiar de intercambio de libros, xogos e xoguetes

- Sábado 17 decembro de 11.30 a 14.30 na Praza Aurelio Aguirre de Conxo.



## AGASALLO VIAXEIRO

Nesta época de maxia, volve o agasallo viaxeiro aos CSC. Crearemos un xoguetes con toda a nosa ilusión que viaxará por Santiago para chegar ás mans doutro/a neno/a doutro barrio ou parroquia.



## CAIXA DOS DESEXOS

Nos Centros Socioculturais atoparás unha caixa dos desexos, así cada CSC convértese nun punto de recepción de cartas. Entregaranse ao persoeiro de Nadal ao que se lle envíe. A maxia do Nadal fará o resto...



## VISITAS DA APALPADORA E DA PAXE DO NADAL

A Apalpadora e a Paxe do Nadal achegaranse aos centros socioculturais. Alí narrarán a súa orixe e as distintas tradicións de nadal con contos, xogos e cancións.



## BELÉN PARTICIPATIVO E RECITAL DE CORAIS

Na Igrexa de San Fiz de Solovio dende o 2 de decembro ata o 5 de xaneiro.

Composición artística e participada dos centros socioculturais no Nadal.

Concerto de corais o 4 de xaneiro ás 18h

- Coral Amigos do Castiñeiriño
- Coral José Saramago
- Coral Santa Susana

## UN NADAL DE ESPECTÁCULO

### NADAL EN CONTO E COR

Os Centros Socioculturais programan unha morea de espectáculos ao longo do nadal para toda a familia: Xanela do Marín, A Gargola do Mestre Mateo, Cesar No, Fantoques Baj, Xarope Tulú, Ghazafellos... son algúns dos nomes que atoparedes na programación prevista para este nadal.



## DECORAMOS OS BARRIOS

Entre todos/as decoraremos o barrio con adornos creativos feitos polos usuarios/as.

Unha vez rematado o noso adorno podemos colocalo nun lugar visible para facer entre todos e todas unha decoración colectiva dos barrios.



A participación en todas as actividades é de balde.  
Consulta no código QR para ver o calendario detallado.  
Inscripción previa en cada centro



REDE DE CENTROS  
SOCIOCULTURAI  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

